Igrexa de San Cristovo de Lema (Carballo- A Coruña)

(Xosé Troiano Carril)

Trátase dunha igrexa que posúe unha planta rectangular, cunha nave e presbiterio; este último separado da nave principal por un arco triunfal sustentado por dúas columnas con capiteis historiados e, apegado o seu muro sur a sancristía. A estrutura da cuberta é a dúas augas, cunha cubrición de tella curva do país. O interior, de escasa ornamentación, cóbrese cunha bóveda rebaixada de cemento.

En canto a fachada, de forma pentagonal e dende un eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante unha porta rectangular adovelada, con decoración de molduras e friso sobre lintel. Sobre o ingreso vai unha pequena fornela con forma de vieira que acolle á figura pétrea de San Cristovo, enriba desta un pequeno óculo que ilumina o coro. Rompendo o vértice da fachada unha base para unha espadana de dous corpos composto de dous arcos de medio punto sobre piares moldurados que serven pra aloxa-las campás. O segundo corpo descansa sobre unha cornixa, rematado por un frontón triangular moi moldurado no que se abre un arco de medio punto flanqueado por dous pináculos con bóla e todo o conxunto está coroado por unha cruz octogonal de pedra. O acceso ó campanario efectuase a través dunhas escaleiras interiores das cais, o derradeiro tramo discorre polo penal da cuberta.

Con respecto as campás ten dúas, unha en cada oco, teñen xugos de madeira en moi bo estado de conservación e tócanse a man mediante unha corda.

Campá grande, dereita do campanario.

Na dereita sitúase a campá grande cunhas medidas de 56 cm de diámetro e 48 cm de alto interior cun peso de 102 Kg.

No “Terzo” (T), ten dous cordóns e unha inscrición: “JHS MARIA Y JOSE PEDRO HONTAÑON ME HIZO SIENDO ABAD D. PEDRO ANTONIO TELLADO”. Pecha esta inscrición con dous cordóns máis.

No “Medio” (M) da campá sitúase unha cruz cunha plataforma de nove chanzos feita a base de selos e decorada a base de circuliños punteados. No medio da plataforma ou pedestal sitúanse catro rombos cinguidos por unha greca. O pau e os brazos da cruz están decorados cunha dobre ringleira de estrelas. Os brazos da cruz teñen remates potenciados e flamexados. Dous cordóns finos pasan polo medio do pau vertical (Stipites) da cruz.

No “Medio Pé” (MP), van tres cordóns e pegado ó último cordón, á altura da metade da plataforma da cruz, o ano de fundición: “1832”.

Nota. A campá ten unha fenda que vai dende a altura do brazo dereito ata o pé. Posiblemente esta campá sexa refundida en vindeiras datas. Unha gran mágoa, pois deste fundidor, polo de agora, tan só temos cinco inventariadas e esta, ten a particularidade de que é a única que asina co seu nome e apelido. Esta campá é un documento único a día de hoxe cun gran valor histórico.

cruz cunha plataforma de tres chanzos, feita a base de selos con catro estrelas no seu interior. Os brazos da cruz (Stipites e patibulum), están decoradas cunha dobre ringleira de estrelas. Os brazos teñen remates flamexados. Dous cordóns finos pasan polo medio do pau vertical (Stipites) da cruz.cruz cunha plataforma de tres chanzos, feita a base de selos con catro estrelas no seu interior. Os brazos da cruz (Stipites e patibulum), están decoradas cunha dobre ringleira de estrelas. Os brazos teñen remates flamexados. Dous cordóns finos pasan polo medio do pau vertical (Stipites) da cruz.0

Campá grande situada a dereita do campanario de San Cristovo de Lema (Carballo).

Pedro Hontañón era veciño de Santiago de Compostela e tiña a súa fundición nesta cidade. Temos a día de hoxe, cinco campás inventariadas deste fundidor. Fixo dúas campás en 1848: a pequena e mediana da igrexa parroquial de San Pedro de Orazo (A Estrada). Esta última sería refundida en 1967 por Fidel Taboada Portas en Moneixas (Lalín), de xeito que hoxe en día só se conserva na torre da igrexa de Orazo a mediana que leva o seu sinete na saia, enmarcado nun rectángulo que se adobía por ondas e con dúas conchas de vieira por fóra. A súa marca de fábrica foi: “HONTAÑÓN ME HIZO EN STº”. A mesma firma ten a campá do mesmo ano da igrexa de San Xoán de Sardiñeiro e a mediana da Nosa Virxe da Xunqueira de Cee, fundida no ano 1843. A da igrexa de San Cristovo de Lema (Carballo), asina como “PEDRO HONTAÑON ME HIZO”, única campáa coñecida polo de agora na que firma co seu nome.

En 1849 traslada o seu obradoiro ao lugar da Igrexa, en Orazo, convivindo durante uns cinco anos dous obradoiros nesta pequena parroquia: os de Liste mailo de Hontañón.

Campá pequena, Esquerda do campanario.

Na esquerda, sitúase a campá pequena cunhas medidas 47 cm de diámetro, 43 cm de alto e cun peso de 60 kg.

No “Terzo” (T), ten dous cordóns seguido dunha inscrición: “IHS ⁎ MARIA ⁎ IOSEPH ⁎ ANO ⁎ DE ⁎ 1756 ⁎”. Pecha esta inscrición con dous cordóns.

No “Medio” (M) sitúase unha cruz cunha plataforma de tres chanzos, feita a base de selos con catro estrelas no seu interior. Os brazos da cruz (Stipites e patibulum), están decoradas cunha dobre ringleira de estrelas. Os brazos teñen remates flamexados. Dous cordóns finos pasan polo medio do pau vertical (Stipites) da cruz.

No “Medio Pé” (M) pecha a decoración con tres cordóns.

Nota: Non se olla marca de fábrica, polo tanto, pasa a engrosa-la lista de campás anónimas ata que podamos ter acceso ó libro de fábrica da igrexa e poder pescudar o nome do fundidor.

Campá pequena situada á esquerda do campanario de San Cristovo de Lema

Campá pequena situada á esquerda do campanario de San Cristovo de Lema

Vista da fenda que ten a campá grande elaborada por Pedro Hontañón para a igrexa de San Cristovo de Lema (Carballo-A Coruña).